



“Só a soberanía nos permitiría solucionar os nosos problemas como país”

[Montse Dopico](#) 3, xullo 2013

Unha galería de personaxes que poida resumir “as nosas capacidades, dilemas e posibilidades” como país. Así presenta Suso de Toro o contido de *Inmateriais* (Xerais), o seu novo libro. Nel, recolle boa parte dos retratos de personaxes da nosa historia que publicou no desaparecido suplemento *Luces* de *El País*. Trinta textos nos que presenta a crónica do que, ao seu ver, foi o “fracaso nacional galego”. Desde un Reino de Galiza que perdeu fronte a Castela ata un proxecto galeguista e liberal que non acabou de triunfar ou un golpe de Estado que, no 36, rematou con ilusións e esperanzas.

Xa dis no limiar que a escolla dos personaxes é subxectiva. Como comezara esta serie de retratos?

Propuxen facer unha galería de personaxes. O punto de vista é subxectivo, porque é unha escolla miña, pero tamén ten unha dimensión obxectiva. Son todos personaxes máis ou menos coñecidos, que eu poño nun plano de igualdade: os indiscutidos, como Castelao, ao lado dos máis discutidos; ou doutros que quixen poñer en valor e facer máis visibles... O que hai, sobre todo, é unha lectura persoal de Galiza como pobo, como reino, nación, comunidade humana. Neste sentido, *Inmateriais* completa, a través de 30 historias de distintos personaxes, o que escribín en prensa e noutros libros sobre Galiza. O que teñen en común estes trinta personaxes é que están, case todos, marcados polo signo do fracaso, que é o fracaso nacional galego. Primeiro, o fracaso de Compostela fronte a Toledo. Despois, o do Reino de Galiza fronte ao Reino de Castela... ata chegar a hoxe. Todos os personaxes tropezan coa realidade de non termos Estado propio. E o fracaso político de Galiza conduce ao fracaso persoal: profesional, artístico, cultural, político...

Uns retratos son máis descritivos e outros máis interpretativos. E non agochas que uns che causan máis simpatía que outros. Ás veces, parece que queres desmitificar algúns: Afonso X, por exemplo. O texto sobre Vicente Risco causou un intenso debate...

O que tentei foi, primeiro, entendelos. Buscar o argumento das súas vidas, comprender as súas contradicións. Se é un personaxe que foi mitificado, o retrato pode resultar desconcertante ou desmitificador. Pero o que eu tentei é ser honrado, con todos, cos que me espertan simpatía e cos que non. Claro que os personaxes teñen a súa complexidade, as súas forzas e debilidades, os seus debates internos... que temos que situar no seu tempo. Se escollín a Torrente e non a Cela,

por exemplo, foi pola forte presenza que o primeiro tivo en Galiza. Gústame a obra dos dous, pero Torrente Ballester tivo unha intervención importante na nosa literatura: houbo xente que quixo que el tivese un papel tutelar sobre a nosa literatura... E hoxe están as dúas sedes da Fundación, o premio co seu nome... En canto a Afonso X, o certo é que foi un inimigo do reino de Galiza. No seu retrato falo tamén do arcebispo Rodrigo Ximénez de Rada, que foi o creador da idea de España castelá que Afonso X promoveu.

Hai poucas mulleres nos retratos.

É verdade. É un problema do que me decatei, pero non souben como resolvelo. É un reflexo da realidade histórica: non houbo moitas mulleres que tivesen unha vida no ámbito público. Por iso falo de Concepción Arenal, de Rosalía, de Emilia Pardo Bazán ou de Maruja Mallo... Emilia Pardo Bazán foi unha opoñente no debate que se deu sobre se escribir na nosa lingua ou non. E hoxe a Real Academia Galega é hóspede dunha casa que pertenceu á familia Pardo Bazán...

Sobre Rosalía, subliñas a contradición que debeu de sentir entre o seu compromiso co país e o seu desexo de desenvolver a súa propia obra como escritora. “Ela non quería ser faro”, dis. Por que?

É que, contra os tópicos que poden circular sobre ela como unha muller só intuitiva, sensible... Rosalía era, en realidade, unha intelectual, cunhas conviccións políticas fortes, que expresou tanto nos seus artigos na prensa liberal como nos limiares dos seus libros en galego. Uns prólogos que foron os primeiros ensaios na nosa lingua. E, claro, a miña interpretación dos personaxes que foron escritores tamén pasa pola miña propia experiencia como escritor, porque puiden compartir as súas mesmas agonías... Son os conflitos que pode ter un escritor nun país sen Estado, cunha lingua sen Estado. Creo que, dos retratos que fixen, os de escritores son os máis interpretativos, e é por isto. Quixen achegarme ademais á personalidade de cada un...

Nese debate sobre que lingua usar, Rosalía e Pardo Bazán adoptan posturas moi distintas...

Si, e é moi salientable ese enfrontamento, entre dúas mulleres e no século XIX. Que eu saiba Rosalía non entrou en polémica directamente con Emilia Pardo Bazán: foi Murguía quen lle respondeu. Non hai que esquecer a condición de intelectual de Rosalía, nin que Pardo Bazán escribía ensaios e impartía conferencias sobre estética, algo que no século XIX era inimaxinable. Non quero incidir nos tópicos sobre o papel da muller galega, pero aí estaban as dúas...

Tanto os personaxes do século XIX como os do XX teñen problemas polas súas ideas políticas. Como se o proxecto galeguista e liberal do XIX quedase frustrado e non levantase xa cabeza, tampouco no XX, debido ao golpe do 36...

Son personaxes intelixentes, activos, cunha enorme capacidade de construción de proxectos colectivos.... Poderíamos preguntarnos como tería sido a historia se puidesen seguir o seu camiño. Porque Galiza é un país no que houbo e hai unha capacidade humana sorprendente, pero todos eles atopáronse coa frustración sistemática, cun teito que os esmagou. Son as historias de frustración que levan á expulsión, á emigración ou ao exilio. Desaparece o Reino de Galiza e xa non nace a nación. E despois chega a guerra civil, no século XX, que lles cambia a todos a vida...

A visión que parece dar da emigración non é, porén, se cadra, a máis habitual. Xunto á frustración de verse obrigado a marchar, presentas a emigración como oportunidade, por exemplo para entrar en contacto coas novas correntes artísticas mundiais do momento... Dis,

por exemplo, que *A esmorga* non tería sido posible se Blanco Amor só coñecese o franquismo, se non estivese en Bos Aires...

É que as opcións eran salvarse ou perecer. Se quedabas aquí non podías realizarte como profesional, como artista.... Se Galiza tivese Estado, Valle-Inclán non tería que marchar a Madrid para ser escritor. Nin Pardo Bazán.

Ás veces parece que, nos retratos, falas da actualidade. No retrato de Valentín Paz Andrade comentas que o sectarismo de medios culturais e políticos leva a que o prezo de “non ser de ningún” sexa “non ter lugar”. Que querías dicir?

Pois aí falo un pouco tamén desde a miña experiencia persoal, claro, desde a de alguén que participa na vida pública como escritor. No caso de Valentín, o que pasa é que a memoria especificamente galega foi escrita polos nacionalistas, e Valentín era galeguista, pero non era da AN-PG nin da UPG. Entón a súa figura quedou un pouco á marxe. Nin era piñeirista nin era da UPG. El conservou a lealdade a Castelao e ao exilio republicano pola súa conta, era moi individualista e tampouco tiña unha forza política coa que se identificase. Se tivese pervivido o PG sen dúbida tería estado aí. Colaborou coa Xunta Democrática que guiaba o PCG e ese camiño do PC non tivo continuidade, esvaeuse. Mais foi recoñecido polo presidente Suárez como portavoz lexítimo do noso pasado republicano e as nosas institucións no exilio.

Cando falas de Piñeiro salientas que o seu proxecto de galeguizar a dereita fracasou. Pero, tanto no retrato de Piñeiro como no do resto dos personaxes, tentas situar a cada un no seu tempo histórico, no canto de xulgalo desde o presente...

Si, sitúo a cada un nas súas circunstancias históricas. É certo que sobre o proxecto de Piñeiro achego un balance negativo, pero tamén é verdade que foi unha persoa moi entregada, honrada e valente. Aínda que as consecuencias do seu proxecto foron desastrosas para o país.

Unha das cuestións que máis se repiten nos textos é a análise de como cada un reacciona ante o golpe do 36. Os camiños que escolleron foron moi distintos e con diversas consecuencias. Como afrontaches esa parte tan complicada?

Tentando ser honrado... Falando das contradicións, das realidades, do dilema terrible ao que tiveron que enfrontarse. Para emitir un xuízo habería que estar alí e vivilo coma eles. Tentei comprendelos a eles, aínda que a decisión de uns me sexa máis comprensible que a doutros. E si que é, claro, un trallazo que lles afecta a todos, que cambia as súas vidas.

E nese “fracaso” do proxecto político de Galicia, non cres que poida haber volta atrás?

Pois foi unha conclusión á que fun chegando, vista a miña propia experiencia vital, a evolución da democracia... Escribín moito sobre Galiza e tamén escribín sobre España, e a conclusión á que chego é que só a soberanía permitiría solucionar os nosos problemas como país: económicos, humanos, culturais, políticos... Só a soberanía nos permitiría non ter que emigrar...

Algo máis que queiras subliñar do libro?

Pois falta Maside, por exemplo, ou Carvalho Calero, ou o arquitecto Palacios... Tamén se inclúen algunhas figuras das que non falei na serie do *Luces*, pero das que tiña escrito antes. Tiñan que ser 30 e por iso non poden estar todos. Outra cousa importante é que tentei transcender tanto a visión de Galiza do piñeirismo como a do nacionalismo galego. A Valle-Inclán ou a Pardo Bazán, por exemplo, considéroos parte da cultura do meu país, interviron na vida pública galega... Mesmo pensei en escribir sobre Franco, pois sempre mantivo unha relación con Galiza: coa

cidade da Coruña, con Meirás... Din que foi un home parvo pero eu creo que non é certo, que foi unha persoa intelixente á súa maneira e non só astuta. O que ocorre é que ese desprezo que hai cara ao noso modo de ser, cara á identidade galega, eu creo que contribúe a alimentar ese estereotipo de Franco como un parvo. E penso que falta un achegamento á figura de Franco desde a intelectualidade galega.

E non estás a escribir ningunha novela?

Hai tres anos deixei unha novela que comezara e que non vou xa retomar. Tamén empezara unha obra de teatro que espero ter rematada para o outono. Agora non teño tempo para dedicar todo o esforzo que require unha novela.

Non botas en falta a vida de escritor profesional?

Pois non, porque a verdade é que estaba moi canso e moi aborrecido. Para escribir unha novela tes que estar concentrado, dedicado, afastado da xente. E a verdade é que estaba canso, tamén por unha cuestión de idade. E despois está, claro, o país. Se fose como en Cataluña eu seguiría escribindo, seguiría traballando como autónomo.

E iso que es un dos escritores galegos aos que mellor lles foi...

Si, pero o feito de non ter un país detrás... Porque en Galiza hai poderes que nos destrúen. Hai unha prensa que traballa contra o país, que te expulsa, que manipula, que fai o posible porque se manteña a situación histórica de dependencia e abandono. E iso desanima moito.

Mais nalgunha cousa vamos mellorando, ou non?

Si, claro. O nivel intelectual de hoxe é moito maior que o dos anos 80. Hai unha xeración de xente intelixente, culta e ben informada. E iso é unha riqueza moi grande. Pero pasa o que dicía antes: teñen que emigrar, non teñen oportunidades de realizarse aquí. E iso leva á frustración e ten consecuencias terribles.